



Museo
do Pobo
Galego



instituto de
estudos das
identidades

TRANSCRICION DO TEXTO

DURACION 0:11:39

INCIPT: EXCPLICOLLE ESTO

Explicolle esto porque explica a cadencia da música, que consiste... É o que chaman a ripa: é un banco longo. No medio un dente de madeira e séntanse dous mozos, un dun lado e outro doutro e collen o liño pola raíz e danlle contra os dentes e tiran dil pra desprender a semente. E como estan un dun lado e outro doutro, están alternando e seguindo o compás coa música

0:00:37

Arrigai arrigadeiras
Daille liño aos ripadores
Que xa veu a primaveira
I hei tomar dos amores.

- Van seguindo o compás da faena, do traballo. Esta é unha ruada, un canto de ruada
-

Ai ruada
Vinde mozos e mozas xa
Veira miña
Ruadiña

- Esta de donde saliu?
- E de ruada, é unha cantiga de ruada
- Pero, é da sua terra mesma?
- Esta sí
- Ah si?
- Si, eu aprendina ali

- Esta outra e unha cousa de.. unha pndeirada qwue hai tamén en bande que me parece que a recollera en Bande Faustino Santalices.
- O que pasa e que me falta o alento pra polongacion final. Moita veces teño que cortar
- usté non se preocupe

Vamos a ver esta:

0:02:18

Non me tires con pedriñas
Nin con onzas recortadas
Non me tires con pedriñas
Nin me sigas las pasadas
Nin me sigas las pasadas
Ai elelo ai elelo
Ai elelo ai elelo
Ai elelo ai a la la
La la la la ...

De San Xes mesmo?

Da mesma Lobeira, que é a parroquia de san Xes

Pero teño idea de que tamén Santalices a recolleu en Bande

- Si si

Mire eu..

0:03:17

No nabal do meu sogro
Acitaronm'os cas
E saiu miña sogra
Coa chanca na mau
Coa chanquiña na mau
Coa chanquiña no pe
Ela a min tenme rabia
Eu ben sei por-que é

0:03:39

Meu Manuel, meu Manueliño
Meu Manuel feito de cera
Quen me dera se-lo lume
Que ó meu Manuel derretera

- ...De ser moi pequeno oíla ali,
- Ai si, en Lobeira mesmo?
- Si, en Lobeira mesmo, de maneira que esto, polo menos , en Lobeira , é unha cantiga, polo menos de comenzos de siglo

ID#612

4:22

- Si bonita pero esta pareceme que é mais conocida
- No, no importa

Unha vez caín no río
Outra vez caín no mar
Outra nos teus brazos nena
Non me puiden levantar
Ai ai ai , ai ai ai
Outra nos teus brazos nena
Non me puiden levantar

- Ser é moi bonita eu aprendina alí pero teño idea de que a hai en mais sitios
- Que esto saliu mais pa fora...

Esta outra é:

0:05:18

Viva Lubeiriño viva
Con todos seus arredores
Terra de moitas castañas
Vivan os apañadores
Vivan os apañadores
Ai elelo ai elelo

- Esta outra tamen me parece que é mais conocida...

0:05:58

Vente sentar ao meu lado
Ti nunha pedra e eu noutra
Así cantaremos xuntos
A nosa fortuna pouca

- Bonita é moi bonita pero teño idea de habela oído nalgúns mais sitios

0:06:38

Prende salgueiriño prende
Prende no aro da poza
Tamen meus amores prenden
No corazón dunha moza
Ai elelo ai elelo
Ai elelo ai elelo

Quen me dera en Lubeira
Quen en Lubeira me dera
Quen me dera en Lubeira
Lubeiriña, miña terra
Ai la la la la
Ai la la la la
A la lala la la la la la

- Que bonito si
- Pois...

ID#612

0:07:55

Paxariños que alegres cantades

Miña nai esperte
Nin tanto dormire
Veña oír un cego
Cantar e tañire

Se il canta e pede
Dalle pan e viño
Dille ao triste cego
Que siga o camiño

Logo continua mais. Esas letras todas teñoas publicadas

Ai Rufina hermosa
Ti gardalo gando
Xa Dios me criou para ise traballo

Ai Rufina hermosa
Vente connigo
Que sola no monte
Correse perigo

- Da que non recordó toda a letra pero en fin, a música é sempre a mesma , é esta:

0:09:11

Elas eran tres comadres
E dun barrio todas tres
Armaron unha merenda
Para ir o Sen Andrés

E xa que me ques con el perexil
Con domine meo
Con tris pilis tris
Condomine olé
Pola túa fe
No souto da vella
Con Xan pirulé

- Non recordo logo como sigue a letra
- Remata:

Ala pola media noite
Todas falaban inglés
Unha dixo polo odre
Mira que neno sin pes
Outra dixo pola lua
Mira que doblon de a tres

ID#612

- E remata:

Estando nestas conversas
Veu o marido da Ines
Pau na unha pau na outra
Pau levaron todas tres

E xa que me ques con el perexil
Con domine meo
Con tris pilis tris
Condomine olé
Pola túa fe
No souto da vella
Con chan pirulé

- Si Este de onde é?
- E xa que me ques con el perejil.. é un estribillo que van metendo..
- Eso está precioso..
- Aprendino porque foi recollido, vamos non o recollin, non é dalí de Lobeira, este foi recollido por Vicente Risco en... paréceme que alí na comarca de Melide ou por alí
- Con esta música?
- Despois eu aprendin

Unha nena nunha fonte
Por unha berza bebía
A Berza estaba rachada
Toda a auga lle caía
Toda a auga lle caía
Ai elelo ai elelo

- Digo porque este outro ten na letra...hai o leixaprén, é dicir, o derradeiro verso dunha cantiga forma o primeiro da seguinte e así van facendo un encadenado
- Si.

FIN DO CORTE 1 EN 0:11:30